

**ÁLVARO CUNQUEIRO  
TRADUCIDO (*E ATRAIZOADO*)  
POR RAMÓN GONZÁLEZ-  
-ALEGRE**

Xosé Manuel Dasilva

Universidade de Vigo

doi:10.17075/mucnoc.2014.009





Existe un lance na traxectoria biográfica de Cunqueiro que non ten sido atendido ata agora de maneira suficientemente esclarecedora. Trátase da ingrata experiencia que supuxo a prohibición por parte da censura da posta en escena, no ano 1959, do drama *Don Hamlet*, un proxecto en que o autor mindoniense depositara non poucas arelas. Na revista *Grial* apareceu un artigo, co título «*Disparan contra a fala nosa...* Álvaro Cunqueiro censurado polo franquismo», onde esmiuzamos os pormenores relativos a este espiñento episodio con numerosos documentos de primeira man que achegan informacións irrefutables (Dasilva 2011). Nesta ocasión, como complemento dese estudo, pretendemos afondar, ata onde for posible, na hipótese de que mediase algunha denuncia que dese lugar á actuación das autoridades franquistas para vetar a representación.

O certo é que Cunqueiro xa prevía, nalgunha medida, que o *Don Hamlet* podería atopar atrancos. Cando se estampou a segunda edición da obra, máis de tres lustros despois de saír do prelo a primeira, o escritor levou a cabo relevantes interpolacións no texto, sinal inequívoco de que no seu momento se autocensurara de forma consciente. As novidades principais concentráronse primordialmente na escena VII da xornada II, aquela en que se asiste ao intento de sedución de Hamlet por parte de súa nai. Resultan de visible importancia, inicialmente, varias didascalías incorporadas por Cunqueiro:

Ponlle a man nas mans que Hamlet ten xuntas, coma si pregase. (Cunqueiro 1974: 77).

Agora é Hamlet que colle as mans da nai. (Cunqueiro 1974: 77).

Coa man dereita erguéndolle o rostro polo bico, apartándolle o cabelo da fronte, pousando delambas mans no peito de Hamlet. (Cunqueiro 1974: 80).

Inseriuse, alén diso, un anaco posto en boca de Gerda, que destacamos en cursiva, xunto con pequenos cambios:

Hamlet, en verdade vivimos tan lonxe un do outro todos estes tempos que somos máis un home e unha muller calisquer que un fillo e unha nai. *Nas sagas que nos cantaban de nenos, a min e a meus irmáns e irmás, as nais tiñan dereito aos fillos entre nós, as estirpes reás, maritalmente.* (Cunqueiro 1974: 78).

### Reformulouse estoutra intervención de Hamlet:

Señora serenísima, graciosa princesa, cóllovos da man. (Cunqueiro 1958: 85).

Señora serenísima, graciosa princesa, cingo co meu brazo o teu van. (Cunqueiro 1974: 78).

### Cunqueiro agregou, así mesmo, estas palabras de Gerda:

Non ousaría pensar en sere dona de ti, Hamlet, si non me atopases fermosa, máis que ningunha. (Cunqueiro 1974: 79).

### E é novo todo este diálogo entre Hamlet e Gerda:

Gerda:

Pensando no que é e no que non é, e no que pode e non pode ser, deixando ir e vir o pensamento tal como vai na tona da auga o tecedor do río, preferiría ser dona de ti por amor, Hamlet, que pola forza do dereito antergo, aínda que costumes foran citadas i exempros de vellas bodas reás.

Hamlet:

Teño falado cos xuristas sober desas bodas. Os románs chámanlle a eso incesto. Hai nacións que coidan que un incesto fai que se espanten as estrelas, e abra a coda a terra deixando ver as chamas interiores.

Gerda:

Eu escoitéille decir a miña nai que era unha a xeito de escolleita sagra. ¡Ouh, xa sei que eran outros os deuses que rexían! (Cunqueiro 1974: 79-80).

Aprécianse adicións, que resaltamos outra vez en cursiva, neste parlamento de Hamlet:

Señora, non vos deixaréi envellecer. *Todo o que precisades para non envellecer, eu volo daréi, de carne e de alma.* Unha frol tan amada debe chegar ao Xuicio Final en todo o seu esplendor. *¡Axudaréivos! ¡Sosegados aloumiños na carne cáseque propia! Sangues alleas, señora, non deben vir a entorpecer o noso sino.* (Cunqueiro 1974: 80).

Finalmente, é inédito en grao substancial este diálogo que pon o ramo á susodita escena VII:

GERDA:

(A raíña apértase contra Hamlet, arrodea cos seus brazos ao fillo, entrecruza os dedos de delambas mans na caluga de Hamlet)

Escoitando as sagas antergas, ¿pensache algunha vez que eu podería elixir un día, que podería pedirche ter un fillo de teu? ¿Góstache o calor que dou?

HAMLET:

(Sin arredrarse da nai: levando pouco a pouco a man deica chegar ao empuño do longo puña que leva ao cinto)

¿Teño que pechar os ollos pra poder decirche que non! ¡Aínda non, señora!

GERDA:

¿Deixaréi sempre a porta entreaberta!

HAMLET:

¡Aínda non, ña nai! Temos que pensar. Hai cousas que xa deixaron de usarse en Dinamarca. Quizaves xa as xentes danesas non se non lembren de cando a nai casaba co fillo, a irmá meirande co neno pequeno que criara.

GERDA:

Delambos vimos de abós nacidos de parellas nupcias.

HAMLET:

Sí, i eu sempre me acomodéi, señora, ás cortesías establecidas. ¡Cumpridor puntual das costumes! Pro, hai outros baixos no meu corazón, e outras naos afondando. Hai outro pensamento que trema ahí mesmo onde as túas mans aloumiñan a miña caluga. Un pensamento que non sei se abrota, ou si xa madurou, e vaise murchando. Unha voz rube ate o meu corazón, un mandado imprevisto, frío coma o xelo mesmo, e lumioso coma o sol.

GERDA:

¿Cál, meu fillo?

(Hamlet chega coa man ao puñal, desenvaina, e rápido clava no ventre que o levou)

HAMLET:

¡Este, señora miña! ¿Non mandache matar por ser fidel? ¿Non me mandache matar por ser fidel?

(A raíña sóltase de Hamlet, esbara polo seu corpo deica cair no chan. Entra Poloño. Caída no chan, fala)

GERDA:

¡E nunca lle tiven medo aos pequenos falcóns! ¡E non che tiña medo, Hamlet, fillo, amor!  
(Cunqueiro 1974: 81-82).

Para comprender estas mudanzas, a única explicación que cabe é, como dicíamos, que Cunqueiro optase por refrear a súa pluma para que o *Don Hamlet* puidese salvar sen dificultades o control da censura. E é que o escritor xa coñecía, en 1958, diversas noticias referentes á presenza do incesto no mito hamletiano. Así, cando estaba a escribir o drama, laiábase de que lle obxectasen que malgastase o tempo en facer unha peza máis sobre esta materia. Nun artigo titulado «Hamlet y un anónimo», Cunqueiro salientaba, entre outros argumentos para motivar a súa achega, o peso do incesto na tradición arredor do famoso personaxe:

Algunos de los que me advierten —he podido comprobarlo— no han leído el *Hamlet* de Shakespeare; uno recordaba habérselo visto representar a Santacana vestido de smoking; algún otro lo había visto en cine, en la versión de Lawrence Olivier. Y ninguno de ellos, es la verdad, sabía nada de las diversas versiones hamletianas desde la *Gesta Danorum* de Saxo Gramático y la *Amloda Saga*, a las *Histoires Tragiques* de Belleforest, pasando por la segunda parte de *Skjöldunga-bok*, la inclusión por Snorri Sturluson de Hamlet entre los incestuosos, etc., ni tampoco sabían que quizás, antes de la shakesperiana, haya habido, muy probablemente, dos versiones inglesas de la venganza y muerte de Hamlet, que hoy no conocemos. (Cunqueiro 1958).

Por outra parte, ao estrearse a obra na Coruña no verán de 1959, Cunqueiro ofrecía estas respostas nunha entrevista xornalística, chamando agora a atención especificamente para a transcendencia do rol de Gerda:

—¿Qué es tu Don Hamlet?

—Una versión muy personal del mito. Arranco de primitivas versiones no conocidas por Shakespeare. [...] Mi interpretación descansa sobre una forma más arcaica del mito Hamlet. [...]

—¿Ofreces un desenlace original?

—Creo que sí. [...] Concedo, además, a la madre de Hamlet un papel importante en el desarrollo de la trama. Ella es la araña que teje la tela del drama. (Vicencio 1959)<sup>1</sup>.

Co gallo da súa publicación, e logo tamén a partir da súa subida ás táboas, o *Don Hamlet* foi obxecto de recensións e tamén comentarios na prensa galega. Fernández del Riego foi un dos primeiros en se facer eco do libro, opinando, nas páxinas de *Faro de Vigo*, que a «inteligencia poética» lograba dar «verdadera calidad estética a lo que podría correr el riesgo de una mera adaptación». E concluía: «De Cunqueiro cabría decir que aplica la inteligencia al teatro; pero lo que en realidad hace es aplicar la fantasía a la inteligencia. No usa de los factores de la realidad shakesperiana o pre-shakesperiana para describirnos sus fantasías; se vale de las fantasías para describirnos aquella realidad» (Fernández del Riego 1959).

Outras voces saudaron, igualmente con satisfacción, a proposta dramática de Cunqueiro, como por exemplo José María Castroviejo, quen remataba con estas palabras a súa eloxiosa crítica: «Si alguna vez se crea en Compostela la necesaria cátedra de Lengua y Literatura Gallega, se enseñará en la Universidad, como modelo de perfección literaria, el gallego de esta obra que hoy tan singularmente nos conmueve» (Castroviejo 1959). Luis Santamaría, pola súa parte, difundía unha extensa análise, dividida en dúas entregas, en *La Noche*, onde resumía a novidade de Cunqueiro con relación ao mito: «Hamlet ha nacido de nuevo y ha vuelto a morir. Con vida y muerte nuevas. No es un Hamlet resucitado, sino parido» (Santamaría 1959)<sup>2</sup>. No mesmo xornal compostelán, Manuel Rabanal puña de

---

1 Con motivo da representación do *Don Hamlet*, Cunqueiro aseveraba nun breve apuntamento crítico difundido en varios medios xornalísticos: «No rehago, no modernizo, ni dilucido. Cuento una historia que quizás aconteció» (Cunqueiro 1959).

2 No segundo dos seus artigos, Santamaría destacaba nestes termos a calidade que para el posuía o drama de Cunqueiro, interrogándose ademais sobre a súa fortuna futura: «Me gustaría saber con exactitud el lugar que estará destinado a esta hermosa pieza, pasados unos años. Puedo asegurar que si se hubiese escrito en francés, o en inglés, o, incluso, en italiano, no tardaría en representarse en los grandes escenarios del

manifesto o ben que a lingua empregada lle acaía ao texto: «Con ser muchos los méritos de *Don Hamlet*, para mí el mayor de ellos, su verdadera proeza, consiste en presentarnos un glorioso mito universal, un príncipe sespiriano, hablando en gallego sin que el lector sienta ni asomos de extrañeza. ¿Podría decirse otro tanto de todos los mitos y de todas las lenguas?» (Rabanal 1959).

Xa naqueles días, Cunqueiro lamentaba só as interpretacións dos que teimaban en atopar no *Don Hamlet* un sentido esencialmente humorístico, como Ánxel Fole e Celestino Fernández de la Vega. Do primeiro, escribíalle a Fernández del Riego nunha carta: «¿Qué di a xente do libro? O Fole, no *Progreso*, indicaba que iba saír, e decía que era unha peza humorística. Tomouna con que eu son un humorista. ¡Que lle imos a facer!». Noutra comunicación, de abril de 1959, Cunqueiro amosábase de novo preocupado pola recepción da obra: «A Fole non lle gostou moito o *Don Hamlet*. Díxolle a Trapero que ou il nono lera ben, ou tratábase dunha peza humorística, dunha coña sober Shakespeare, estupenda, pro ren máis. Querido Paco: ¿pra quen escribe un?». Sobre Fernández de la Vega, Cunqueiro transmitíalle ao mesmo Fernández del Riego nunha misiva datada na Semana Santa dese ano: «Deica agora, que eu seipa, a única voz discordante no que toca ó *Hamlet* é a de Celestino F. de la Vega, quen di que é unha parodia do shakespeareano e nada máis, e fóra diso, nada. Quizaves teña razón, pro quizaves non. Nunca se sabe. Gústalle pouco as miñas cousas».

Contrariamente, Cunqueiro gababa a recta lectura do drama feita por Domingo García-Sabell. A propósito dunha homenaxe recibida polo escritor mindoniense na Coruña, logo da estrea da obra, un xornalista de *La Voz de Galicia*, Luis Caparrós, revelaba xa a fondura da esexese daquel verbo do perfil dos protagonistas: «Particularmente me deleité con la improvisada y magistral charla que nos ofreció el doctor García Sabell en torno al dilema hamletiano y a la interpretación que del mismo ofrece Cunqueiro al mostrarnos la desvalidez del Príncipe de Dinamarca en ese instante último en el que incluso le falla el asidero amoroso, pues la clave de la obra de Cunqueiro es, para el doctor García Sabell, eminentemente amorosa» (Caparrós 1959). No paratexto «Notas», apostado á segunda edición do *Don Hamlet*, Cunqueiro agradecía, non en van, as liñas tan

---

mundo. Sería traducida y multiplicada, impresa en miles de ejemplares. Y podría obtener, para ella y para su autor, la gloria y el honor que se merecen. Pero está escrita en gallego, y su ámbito, así, si Dios no lo remedia, quedará circunscrito a nuestras cuatro provincias y, a lo sumo, a un pequeño eco americano» (Santamaría 1959).



certeiras que García-Sabell, na introdución de *Escola de menciñeiros*, lle tributara ao drama: «Teño que facer unha escepción, e ben honrosa para min: Domingo García-Sabell, quen no prólogo á miña *Escola de Menciñeiros*, adica ao meu *Don Hamlet* unhas fermosas páxinas, nas que amosa que ben se decata do meu xogo, e que para min mesmo foron ben alumiadoras. Váianlle dende aquí as máis amistosas gracias» (Cunqueiro 1974: 92).

Segundo avanzamos enriba, acubillamos a idea de que os avatares que sufriu a posta en escena do *Don Hamlet*, a mediados de 1959, non foron alleos á existencia dunha denuncia. O propio Cunqueiro relatáballe a Fernández del Riego, no fragor da batalla que tivo que librar fronte ás autoridades franquistas, que Francisco Serrano Castilla, delegado provincial na Coruña do Ministerio de Información y Turismo, aseguraba que non actuaba de oficio, senón que se puxeran no seu coñecemento os supostos excesos da obra: «Os achegados á Delegación de Información y Turismo na Cruña din que Serrano confesa que non quer facer dano, que il foi obrigado por denuncias sobre a inmoralidade do *Don Hamlet*, e que ten interés en que fiquen craro que il non é autor voluntario das decisións tomadas, e que fai o posible porque en Madrid autoricen a representación, conforme ó texto presentado. Insiste en que será autorizado. ¿Cando? Os deuses inmortaes que saben cáseque todo, ises quizaves aínda nono seipan».

O testemuño de Serrano Castilla non merece, na verdade, moito creto, xa que atribuía toda a responsabilidade da prohibición ao propio Ministerio de Información y Turismo, cando documentalmente consta, no expediente de censura relativo á representación, que desde Madrid se lle comunicou que, dadas as características do espectáculo en interdito, era competencia exclusiva da Delegación Provincial expedir o permiso preceptivo. En efecto, ese extremo quedaba patente nun oficio remitido o 27 de xullo de 1959, desde a Dirección General de Cinematografía y Teatro, ao delegado provincial da Coruña:

Por los servicios correspondientes de esta Dirección General ha sido revisado el texto del original que envían de la obra de referencia, siendo el criterio de este Centro Directivo coincidente con el que V. S. hace constar en el oficio nº 1729/59 de fecha 4 del actual de acuerdo con el informe de los inspectores de esa Delegación Provincial.

Debo significar por último a V. S. que tratándose, además, de un Teatro de Cámara, no inscrito en el Registro correspondiente, el que solicita poner en escena la obra de referencia y en una actuación esporádica, la autorización corresponde concederla a esa Delegación

Provincial, según las normas dadas en el oficio circular nº 3208/5556, de 15 de octubre de 1955.

Desgraciadamente, non se contén no expediente do *Don Hamlet* a máis mínima proba documental que aboe a interposición de denuncia ningunha. Todo o que se diga ao respecto, xa que logo, non poderá ir alén do terreo da conxectura. Aínda así, parécenos que non é desatinado albiscar que puideron darse actuacións nese sentido por parte de quen tiña algunha conta persoal que saldar con Cunqueiro. De quen tiña esa débeda e, por outro lado, non estaba moi de acordo coa ousadía temática e verbal da obra nin co feito de que o galego se empregase como vehículo para facer teatro culto.

Canto a este último aspecto, cómpre non esquecer que non foron poucos os que lle reprocharon a Cunqueiro, ao estrearse o *Don Hamlet* na Coruña e logo en Lugo, a escolla de tal temática para crear unha peza dramática na nosa lingua. Tomemos como mostra, entre outras máis que cabería mencionar, o que expuña en *El Ideal Gallego* alguén oculto detrás das iniciais M. H. Este crítico reprobaba o «abuso de los monólogos y diálogos, que [...] resultan anacrónicos si uno trata de compenetrarse con un Príncipe de Dinamarca [...] hablando gallego». Por outra banda, M. H. admitía a conveniencia de que se forxase un teatro en galego, mais deseguido advertía, con mentalidade diglósica, que non era o adecuado para iso o tema elixido por Cunqueiro:

Resultaba, pues, absurdo que Galicia, tierra de autores teatrales que no hace falta citar por estar en las mentes de todos, carezca de un teatro propio. Cunqueiro deja abierto el camino y también las puertas del éxito. [...]

Discutible es ya que el empeño se fundamente en un tema poco propicio a lo que debe ser en realidad ese teatro. Acordarse del mito de Hamlet, que ha sido cuantiosas veces utilizado escénicamente desde que se representó por primera vez en El Globo, de Londres, durante el año 1602, no conduce más que a una pérdida del interés dramático de la pieza. No importa que Cunqueiro nos ofrezca una visión personal de esta historia que quizá aconteció, con intención de responder a preguntas del hombre respecto a su condición. (M. H. 1959).

Para nós, con relación á censura do *Don Hamlet*, un nome que non resulta doado deixar á marxe de sospeita é o de Ramón González-Alegre, analista da poesía galega e director da revista *Alba*, por varios indicios que procederemos a debullar polo miúdo. Para comezar, González-Alegre tiña un motivo evidente que o podía

levar a lle facer dano a Cunqueiro, como era a durísima recensión que este viña de publicar en *La Voz de Galicia*, unhas semanas antes da representación do *Don Hamlet*, da súa *Antología de la poesía gallega contemporánea*, acabada de saír do prelo, especialmente pola cativa calidade das traducións para o castelán.

Non imos deternos, desta vez, no intenso relevo que o feito tradutor posuía en xeral para Cunqueiro, un asunto que xa deu e aínda continuará a dar para moito. Lembremos sucintamente como, tras regresar a Mondoñedo, Cunqueiro facía fincapé, nunha carta a Fernández del Riego, na necesidade de verter textos foráneos ao galego: «Hai que traducir ó galego aquilo que é apremiante, urxente, que seña dito entre nós, e si todo se fai arqueoloxía e cacheo de castros e arquivos, hai que botarse fóra e decir, con boca de outros, anosado, aquilo que os galegos deben saber. Quizaves todo seña labrar e paredar no mar, pero non por iso deixarei de facelo». Unha década despois, Cunqueiro respondía o seguinte a Ánxel Fole, con destino ao «Parlamento de las letras gallegas» que estaba a ver a luz no xornal *El Progreso*:

*¿Hasta qué punto estima son convenientes las versiones al gallego para la formación literaria de este idioma y qué criterio de orientación y preferencia debe presidir estas?*

Absolutamente necesarias. Creo que hay que traducir clásicos y actuales: hay que buscarle las cosquillas a nuestro idioma, los tres pies al gato de la lengua, que, a lo mejor, son cinco; las traducciones amplían el campo lingüístico y mental. Y es bueno el sabor de las aguas ajenas en el vaso propio. Pero es esencial a estas traducciones la calidad. Lo contrario — unas traducciones como las que hacen en Barcelona o Buenos Aires al castellano— sería, además de inútil, dañino. Una lengua culta tiene que tener a Homero y a Shakespeare, a Cervantes y a Goethe en ella. Y, por otros motivos bien más profundos, los Santos Evangelios. (Fole 1961).

Vallan as declaracións expostas como proba da actitude taxativamente entregada de Cunqueiro a prol da tradución. Cando se reintegrou na posguerra ao labor de crear en galego, mesmo barallou a posibilidade de se presentar ao concurso de tradución convocado pola Editorial de los Bibliófilos Gallegos en 1950, gañado por Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega coa súa versión do *Cancioeiro da poesía céltiga*, de Julius Pokorny. Cunqueiro matínaba elaborar, con tal fin, unha tradución do *Canzoniere* e a *Vita Nuova*, de Dante, e dicíalle a Fernández del Riego, nunha carta daquelas datas, que tiña lista ademais unha

versión da obra francesa *Gaspard de la Nuit*, de Aloysius Bertrand<sup>3</sup>.

Volvendo ao asunto que nos ocupa, hai que dicir que Cunqueiro estivera realmente expectante á espera da saída da citada escolma de González-Alegre, para quen utilizaba o alcume de *O Moucho*. Nunha carta a Fernández del Riego de 1959, refería así o devezo que experimentaba: «¿Avisarasme cando saía a *Antoloxía* do Moucho en Adonais?». O día 19 de marzo do mesmo ano, pedíalle o seguinte favor: «¿Pódesme emprestar a *Antoloxía* do Moucho? Eu escribiría dela na *Voz de Galicia*». Aos poucos días, Cunqueiro tiña formado un severo xuízo da obra, máis en concreto das súas versións tan penosas, que lle trasladaba a Fernández del Riego:

Recibín a *Antoloxía* do Moucho. É un disparate como *escolma* —dacabalo da túa de Galaxia—, i-as traduciós cando non mete a pata, pedestres. E traduz «adufe» por «fruta», e «serán» por «amanecer», e sober todo, non entende ren do que traduz. Alberto dime nunha carta que Alegre anda medio tolo e que hai que deixalo, por caridade. Por min deixado está. Eu non lle teño nin xenreira. Non lla teño a ninguén. Quizaves o millor sexa o silencio arredor de todo o que fai e di, deica que se canse<sup>4</sup>.

Malia o que lle apuntaba a Fernández del Riego no final desta carta, Cunqueiro non se deu reprimido. Enviou decontado a *La Voz de la Galicia*, onde colaboraba

---

3 Tradutor impenitente de textos alleos, é preciso tamén pór énfase no vasto quefacer de Cunqueiro como autotradutor en todos os xéneros, aínda que de forma preponderante no eido da narrativa. Non é ocasión esta de afondar en tal faceta, de moita máis envergadura do que acotío se pensa. Digamos agora, de maneira tanxencial, que as autotraducións de Cunqueiro cumpren un papel determinante para analizar o proceso de recepción dos seus textos trasladados a outros idiomas (Dasilva 2002). Efectivamente, hai que facer notar que unha cantidade numerosa de tales versións foron feitas desde o texto autotraducido ao castelán, non desde o texto primixenio en galego. Indicaremos, a seguir, varios exemplos relativos a *Xente de aquí e de acolá* (texto primixenio en galego) / *La otra gente* (texto autotraducido para o castelán). Así, esta obra ten dúas versións en francés: unha, *Gens d'ici et de là*, de Rosendo Ferrán, desde o texto primixenio en galego; e outra, *Galiciens, corbeaux et parapluis*, de François Maspero, realizada desde o texto autotraducido para o castelán. Acontece unha cousa semellante en inglés, onde atopamos dúas versións: unha desde o galego, *Folks from Here and There*, de Kathleen March; e outra desde o castelán, *People from Here and Beyond*, de Sheila Ingrisano (Dasilva 2011). Á vista disto, é unha aberración maiúscula, xa que logo, confrontar directamente, no caso de *Xente de aquí e de acolá*, o texto primixenio en galego e unha tradución francesa, como a de François Maspero, que tomou como fonte o texto autotraducido para o castelán. Non obstante, iso foi o que se fixo, absolutamente á lixeira, nunha das comunicacións presentadas neste congreso.

4 Esta carta está escrita á máquina. Ao final, Cunqueiro engadiu á man: «E traduz “mar levado” por “mar llevado” e non mar cheo, ou maior ou outo, e “atustulla” por “llena”, en vez de “aprieta”, e “alindar” por “hermosear”, etc.».

asiduamente coa sección fixa «Una ventana», un comentario sumamente acedo sobre a antoloxía de González-Alegre. Da publicación de tal comentario informaba a Fernández del Riego noutra carta, onde Cunqueiro, ademais, dicía que González-Alegre lle falara mal a Dámaso Alonso del mesmo e do círculo de Galaxia:

Todo los amigos portáronse moi ben na Cruña, i-a Comisión de Festas anticipa o total, que ronda as 30.000 pesetas. Xa o verías na *Voz* de oxe, sábado. Na de mañán, domingo, vai unha cousa miña sober de *La alegre Antología*. De présa e con noxo feita, coído que abonda. Moucho foi ó Ferrol a ver a Dámaso Alonso, a quen non conocía; presentouse a il como amigo de Gamallo; falou pestes de nós, e que eu, que antes era amigo dil, agora non porque vivía dos fondos segredos de Galaxia, editorial cripto-comunista e separatista, etc., etc. Díxenlle a Dámaso todo o que tiña que decir, axudado por Gamallo. Dámaso non mirara aínda a *Antología*. Non é certo que Moucho tivera carta dil, etc., etc. Xa verás na *Voz* a cousa.

Titulada, como informaba Cunqueiro, «La alegre antología», sarcasticamente, a recensión inserida en *La Voz de Galicia* tiña xa un comezo expeditivo: «Ramón González-Alegre ha publicado en Adonais una *Antología de la poesía gallega contemporánea*. El que esto escribe figura en esa *Antología* contra su voluntad, disiente del prólogo y rechaza las traducciones» (Cunqueiro 1959). E proseguía Cunqueiro con respecto á ínfima categoría das versións:

En las líneas finales del prólogo, el antólogo dice: *Las dificultades —de traducción— son grandes. Un simple giro puede variar por completo el sentido del poema. No obstante, hemos procurado lograr una traducción fiel y exacta. En ocasiones, por exigencias poéticas, variando algunos giros, pero procurando, repetimos, mantener una fidelidad absoluta al texto*. Se trata de una falacia del antólogo: en todo caso, el señor González-Alegre, por cuidar tanto los peculiares nuestros giros, ha dejado a las palabras en los poemas un margen de subversión y de infidelidad que perturba la traducción y obliga a decir al poeta lo que nunca dijo, ni quiso decir; algo que está fuera de la estructura espiritual del poema, de su economía; algo que es una traición al poema mismo, a su veracidad.

Cunqueiro ilustraba a incompetencia tradutora de González-Alegre, sobre todo por descoñecemento do galego, con varios exemplos dun poema de Luz Pozo Garza e doutro de Alfonso Alcaraz. A propósito da tradución deste último, Cunqueiro afirmaba, de xeito sardónico, de González-Alegre: «No ha entendido

nada del poema, como en el caso del poema de Luz Pozo. Mucho respeto al giro, eso sí, pero nada más». Outro exemplo en que se fixaba o noso autor era o verso «e partir o viño con tantos meleiros», dunha composición de Lorenzo Varela, onde González-Alegre puxera «medidas» para «meleiros», no canto de «aduladores». Cunqueiro apostilaba: «Lo dice tan claramente el verso de Lorenzo Varela [...] que hasta un sordo de Sayago lo entendería. Y no quiero seguir con esto, que me enoja».

Emporiso, Cunqueiro non se detiña e, a seguir, puña ao descuberto máis eivas da escolma de González-Alegre:

Pero Dios no remedia estas cosas y vamos a ser leídos los poetas gallegos en esta *Antología* y en esas traducciones, por ahí adelante. Y esto ya es importante, y obliga a decir que no a la *Antología* de Adonais; tenemos que decir que no los poetas gallegos y hacer ver la ignorancia que de nuestra lengua profesa el señor González-Alegre; una traducción como la que el señor González-Alegre ha hecho del poema citado más arriba, «Serán sin ella», de Alcaraz, revela tal incomprensión, tal ceguera ante la lámpara, ante la llama viva de la poesía, que impide al señor González-Alegre para ocuparse de, con, por, si, siempre, tras la poesía durante algunos siglos. El prólogo, confuso, arbitrario, exige una amplitud con la refutación que no merece. Lo mismo que la disparatada selección.

Cunqueiro aínda trataba unha cuestión colateral relativa a González-Alegre: «Yo no quiero terminar estas notas, dichas de sopetón, y con cierta ira, sin citar un artículo del señor González-Alegre en la revista *Nuestro Tiempo*, número de diciembre pasado, titulado “Meditaciones sobre Rocinante”». Nese artigo, subliñaba Cunqueiro, González-Alegre fixera referencia a que encontrara unha canción popular galega de finais do século XVI ou comezos do século XVII relacionada, dalgún xeito, coa coñecida aventura de don Quixote cos muíños de vento. Cunqueiro emprazaba a González-Alegre a indicar cal era a fonte dese documento, e acababa o artigo: «Y en virtud de la explicación del señor González-Alegre, estaría yo dispuesto a echar polvo, espesa y callada capa, sobre su *Antología*, sobre la desdichada, inaceptable *Antología* de Adonais».

Cunqueiro estaba ávido por coñecer os ecos do seu ataque descarnado á escolma de González-Alegre. Nunha carta de maio de 1959, remitida a Fernández del Riego, denigraba de novo o autor do Bierzo e pedíalle a aquel o seu xuízo sobre a recensión de *La Voz de Galicia*: «Axúntoche ise *Mensaje* de Moure Mariño. Na miña vida, nin en *La Codorniz*, nin no Espasa, lin nada de máis torpe, estúpido,

divertido e noxento. [...] Estamos arrodeados de burros por todas partes, e dáse a puñetera casualidade que xa señan bercianos ou galegos, teñen facilidade de palabra. ¿Qué che pareceu a nota miña sobre a *Antoloxía* do Moucho?».

Conforme non é difícil comprobar, González-Alegre tiña unha razón plausible para denunciar o *Don Hamlet*. Mais, á parte diso, cómpre ter en conta o pensamento que González-Alegre albergaba notoriamente sobre as posibilidades literarias do galego, de todo punto antitéticas con relación a unha proposta teatral de tan altas miras como a de Cunqueiro. Manuel María deu a coñecer unha carta privada, do 7 de novembro de 1950, na que González-Alegre lle amosaba as súas reservas cara ao galego, aconsellándolle que mellor escribise versos en castelán:

Si non se molesta, diríalle que tamén nos interesa o Manuel María que pode escribir en castelán. Con esto non quero decir mais que é preciso que os galegos estén dentro de Galicia, mais cunha expresión universalista. [...] É preciso decir cousas na mesma lingua e na mesma fala do mundo exterior. É unha equivocación, o encerro na concha dos pelengríns. [...] Vostede é poeta de calidades. ¿Por que navega nunha presa cando pode e debe facelo nun río? Escriba en castelán tamén. Non cerque a súa coroa con un Manoel, cando universalmente pode ser Manuel. (Manuel María 1995: 28-29).

A revista *Alba*, da que González-Alegre era responsable, caracterizábase por practicar o bilingüismo galego-castelán no xénero poético e polo predominio abafante do segundo dos idiomas no campo da narrativa. Alén diso, non cabe omitir que hai que considerar a González-Alegre como o iniciador auténtico da polémica que arrodeou a publicación da *Escolma de poesía galega* de Fernández del Riego, en 1955. Desde o xornal *La Noche*, abría o fogo para o rispeto debate que axiña se habería desenvolver:

La *Escolma* de Fernández del Riego abarca únicamente a los poetas que se han expresado en idioma gallego. Es difícil aunar voluntades y criterios. Tengo por justa la queja de quienes piensan que no resulta completa una «selección» referida exclusivamente al idioma gallego. A nosotros nos hubiese gustado que Fernández del Riego incluyese, al lado de su «escolma», una «antología» de ciertos poetas fundamentales, sin los que es posible pensar en la literatura gallega. Podría mostrar razones muy sólidas en abono

de tales ideas, mas pienso que siendo como soy un poco parte en la litis, no debo hacerlo. (González-Alegre 1955)<sup>5</sup>.

Nas mesmas planas de *La Noche*, en datas posteriores, expuñan o seu punto de vista sobre o criterio filolóxico que presidira a selección poética de Fernández del Riego outros autores, como Miguel González Garcés, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Carlos del Pozo Tejedor, O. F. M., Rafael Melero e Xosé Luís Méndez Ferrín. A carón de González-Alegre situábase González Garcés, quen manifestaba o que, na súa opinión, debía abranguer o concepto de literatura galega: «[...] los poetas coruñeses manejamos corrientemente el llamado castellano. Que es el idioma más empleado en Galicia, por lo menos en las ciudades desde el siglo xv. Es decir el verdadero gallego moderno. El idioma en que están escritos nuestros documentos desde ese mismo siglo. El idioma que se ha utilizado en nuestra universidad». E González Garcés remachaba: «La lírica gallega es la escrita por gallegos y que responde a un modo de ser y actuar gallego. Nunca la solamente escrita en idioma gallego. El idioma es un factor secundario» (González Garcés 1956)<sup>6</sup>.

---

5 González-Alegre xa polemizara con Fernández del Riego, na revista *Alba*, sobre o curso coevo da poesía galega. Baixo o pseudónimo Salvador Lorenzana, este opinaba que os autores galegos novos seguían un camiño demasiado apegado á poesía en voga en castelán: «O fenómeno actual pódese sintetizar así: a conmoción vital que Europa ven sufrindo fay dez anos, ten producido en total-as suas manifestacións espirituais unha tremenda confusion. En España, as mocedades poéticas de hoxe, apuntan a direutrices e cánones de determinados escolasticismos: entre eles o máis cauterístico é a volta a certo crasicismo formal. [...] A obra poética que conocemos dos poucos poetas galegos da postguerra, atópase supeditada a istas normas estranas a Galicia. Os poemas producidos viven alentos alleos ó noso propio alentar. Nin no idioma, nin no esprito, son os seus autores poetas da sua terra. Trátase, desde logo, de xente moza, con unha adolescencia inqueda. Pero forza a sua inspiración no artificio de canles antinaturás. Desconocen ou queren desconocer a nosa tradición poética, desentendendose d'ela. Siguen o mandado d'unha liña que contradiz ista mesma tradición, en canto se non axeita ó seu acento peculiar. [...] Os poetas situas teñen que voltar a Galicia. Teñen que expricar, por primeira vez en galego, os probremas d'ista xeneración moza que se achega» (Lorenzana s.d.: 11-12). González-Alegre discrepou abertamente do parecer de Fernández del Riego: «Ojalá que en Galicia surjan *definidores de poesía*, que se diferencien y se alejen de lo que Lorenzana llama *desconcierto castellano*, pero desgraciadamente caminamos por una senda tan estrecha que todos, castellanos y no castellanos, tenemos que andar al mismo paso» (González-Alegre s.d.).

6 Na revista *Alba* daba a coñecer González-Alegre outra recensión da *Escolma* de Fernández del Riego máis conciliadora, onde estimaba, aínda que de forma non taxativa, que era respectable o criterio filolóxico aplicado para a escolla dos autores: «El libro, ya su misma palabra lo dice y su propio autor lo declara, es una *Escolma de poesía galega*, es decir, que limita a la particularidad del idioma la condición de poeta escolmado. Ha habido voces, y voces muy estimadas por su creación poética, que han venido afirmando que tanta condición gallega tenían los poetas galaicos que escribían en castellano como aquellos otros que



Sobre a mentalidade diglósica de González Garcés, evocou Franco Grande unha anécdota que é ben elocuente:

Podo citar, entre outros moitos exemplos, o de González-Alegre: cando, por estes anos, Camilo José Cela veu dar unhas conferencias por moitas cidades e vilas de Galicia — conforme apareceu na prensa da época—, sempre facía a Cela —a quen acompañaba ou a quen seguía nos seus itinerarios— esta pregunta: «Camilo, ¿habrías podido escribir *La familia de Pascual Duarte* en gallego?», ao que Cela contestaba que non. (Franco Grande 2004: 71).

Non é factible precisar en que momento debeu xurdir a inimidade entre Cunqueiro e González-Alegre<sup>7</sup>. Cando escribiu en *La Voz de Galicia* a desapiadada recensión da súa antoloxía, probablemente Cunqueiro tiña presente as páxinas que este lle reservara, uns anos antes, no volume *Poesía gallega contemporánea (Ensayo sobre literatura gallega)*. Trátase esta dunha obra, se cadra, xustamente esquecida hoxe, se ben Méndez Ferrín reivindicou, non hai moito, o seu valor, referíndose ao «interesante mais despreciado» libro de González-Alegre (Méndez Ferrín 2011). No libro devandito, onde aparecían en pé de igualdade poetas de Galicia tanto en galego como en castelán, consagrábase un capítulo integramente ao autor de *Mar ao Norde*, titulado de maneira abondo significativa «La originalidad de Cunqueiro». A tese fundamental esgrimida por González-Alegre era a de que non se podía cualificar a Cunqueiro como un poeta de novidades, xustificando este xuízo no feito de que se trataba dun autor *escapista*, alleo á realidade por completo. González-Alegre, tras unha pausada análise, terminaba en ton displicente: «Así, pues, no debe extrañarnos que nos suene a falso lo que él quiere proclamar como su estructura [*sic*] esencial. Falta de propia realidad, pero dotado, en cambio, de originalísimo transformativo peculiar, dotado de gran fuerza lírica, pero carente de viva voz personal». E agregaba: «A veces su poesía —su prosa desde luego—

---

utilizaban el gallego. Se puso de relieve el problema del fervor gallego en unos y en otros, provocándose con ello una polémica, a nuestro modo de ver un poco falta de enfoque, puesto que si bien todos se proponen servir a sus próximos galicianos, lo cierto es que el vehículo del lenguaje es esencial en poesía, y si es cierto que el poeta construye y forma cualitativamente su propio sentir, es cierto que tendrá más presencia gallega aquel que construye y domeña su internidad valiéndose del idioma en que se ha expresado» (González-Alegre s.d.).

7 Francisco X. de la Colina, escritor coruñés de singular personalidade, referiuse ao enfrontamento entrambos sen poder aclarar a súa orixe: «Aunque algunos secretos se llevó a la tumba, a este respecto. Por ejemplo: ¿qué le pasó con Cunqueiro, tan amigo a un tiempo y luego distanciado?» (Colina 1995: 586).

incurre en un terrible barroquismo poético, que para ajustarnos a una exacta y académica concepción, diremos provista de volutas, roleos, pompas y ornatos» (González-Alegre 1954: 108-109). Hai que acentuar, polo demais, que González-Alegre non examinaba na súa *Poesía gallega contemporánea* (*Ensayo sobre literatura gallega*) os libros de posguerra de Cunqueiro, *Elegías y canciones* e *Dona do corpo delgado*. O mesmo acontecía na *Antología de la poesía gallega contemporánea*, pois do segundo libro mencionado non incluía ningún poema.

En anos posteriores, Cunqueiro e González-Alegre sostiveron novas polémicas desde distintas tribunas xornalísticas. Cómpre facer referencia, de forma singular, á que trabaron en *La Noche* sobre a esencia da poesía social, a comezos da década dos 60<sup>s</sup>. Cunqueiro publicara un artigo burlándose sen ningún disimulo da poesía social e da poesía sociolóxica:

Contesto que lo de «poesía sociológica» non merece comentario. Yo supongo que querrán decir sociología en verso, o una cierta subvariedad de la poesía didáctica, dedicada, en busca de facilidades nemotécnicas, a la enseñanza de la sociología. Don Juan de la Coba Gómez había hecho ya poesía sociológica:

*Padres malos, hijos malos,  
los de buenos, buenos son.  
Algunos salen obscenos,  
no hay regla sin excepción.*

Máis seriamente, Cunqueiro afirmaba despois: «Lo que pasa en la poesía no tiene por qué pasar en la calle, y viceversa. Poesía es lo que le pasa al poeta, como pintura, permítaseme la frase, es lo que le pasa al pintor» (Cunqueiro 1960).

González-Alegre decidiu responder con outro artigo defendendo a relevancia estética da poesía social, no que non deixaba de aludir a Cunqueiro, aínda que sen o mencionar explicitamente: «[...] ahora resulta que un distinguido colaborador de *La Noche* dice que eso de *poesía sociológica* es una tontería» (González-Alegre 1960). Cunqueiro non permaneceu pasivo e, a continuación, ofrecía aos lectores de *La Noche* un artigo máis, titulado «Lo que son las guerras», onde se ratificaba na súa postura e desprezaba calquera liorta: «Nota. Si yo soy ese *distinguido colaborador de La Noche* a que alude el sr. González-Alegre, tengo

---

8 Alonso Montero cualificou a González-Alegre como precursor da poesía social en Galicia grazas ao poema «Diante do final», que deu a coñecer no número 5 da revista *Alba* co pseudónimo Fernando Burbia Valcarce (Alonso Montero 1993).

que hacerle notar esa frase de su artículo, escrita porque a él, asegura, no le duelen prendas: *Toda poesía es social*. Si toda poesía es social, ergo, no hay poesía social. *Si todo color fuese verde*, dijo uno de los padres de la ciencia moderna en espiritual diálogo, *no habría tal color verde*. Que era lo que yo, modestamente y sin citar a Dilthey, quería probar» (Cunqueiro 1960). González-Alegre publicaría ándados sisudos artigos para fundamentar o seu concepto de «poesía sociolóxica» e de «poesía social», mais Cunqueiro afastouse da disputa (González-Alegre 1960 e 1960).

Un ano máis tarde, González-Alegre e Cunqueiro volvían enfrontarse noutra polémica. Aconteceu que o primeiro puxera en discusión, a través dun artigo en *Faro de Vigo*, algúns detalles onomásticos do libro *Ángeles de Compostela*, de Gerardo Diego, que se publicara por vez primeira en 1940 e agora novamente se editaba (González-Alegre 1961). Cunqueiro contestou, con enorme erudición, noutro artigo onde desbarataba as alegacións de González-Alegre (Cunqueiro 1961). Daquela estaba a traballar, ao parecer, nun dicionario de santos que endexamais saíu do prelo. Os dous continuarían a discusión, nos seguintes días, por medio de máis columnas no rotativo vigués<sup>9</sup>.

Dispomos doutros testemuños que acreditan a aversión que por aquela altura González-Alegre lle profesaba non só a Cunqueiro, senón tamén á xente vinculada a Galaxia. Por ofrecer unha mostra, velaquí o que lle dicía Fernández del Riego a Piñeiro nunha carta do 30 de abril de 1959:

O problema de G. Alegre vai resultando un problema serio, e vou ter que reaccionar contra del drasticamente. Visto que eu non fago caso das súas botaratadas difamatorias, agora ennortóu istas por un camiño moi perigoso, ante a complacencia dos Sigüenzas e outros ouvintes. Nada menos que anda difundindo, según di que lle consta, que eu recibo fondos internacionais e que son o encargado de os distribuír.

Noutra misiva do 12 de maio dese ano, Fernández del Riego relataba un grave episodio persoal, promovido por González-Alegre, que o tiña a el, moi ao seu pesar, como protagonista. Tamén proporcionaba algunha pista sobre as causas de que actuase decontino dese xeito:

Inda que é verdade que está desprestixiado, como me dis, inda hai quen lle fai caso. O outro día provocou un gran disgusto a miña nai e a meus hirmáns. Chamáronos

---

9 Para Néstor Luján, Cunqueiro era «dulce en la amistad, irónico y condescendiente ante la enemistad» (Luján 1970: 11).

varios amigos por teléfono, interesándose por min, pois estaba corrido que me detiberan. Descubriuse máis tarde que o que puxera en circulación o infundio fora aquí botarate. Moito me teño que conter para non paralizalo de xeito definitivo. Toda a súa furia naz, ó parecer, de que non lle publicáramos as pezas de teatro, do que me fai responsabre<sup>10</sup>.

Nunha carta enderezada a Fernández del Riego, Piñeiro comentaba o comportamento de González-Alegre. Facía mención, así mesmo, da recensión de Cunqueiro en *La Voz de Galicia* sobre a «alegre antoloxía»:

Recibín a túa carta co [...] artigo i a carta de Cunqueiro. O comentario que iste lle fai á «alegre antoloxía» ten bastante gracia. Vese que lle ten verdadeiro noxo ó Moucho. Das falcatrudas diste que me contas non me sorprendo. Trátase dun verdadeiro anormal. Estará dándonos a murga mentres viva niste país. Cada vez irritase máis con Galaxia irremediabelmente, porque cada vez iremos facendo máis cousas e máis importantes. Semella que a Cunqueiro e mais a ti distínguevos particularmente na súa xenreira.

Pomos aquí remate ao noso traballo. Como xa dixemos, non é posible achegar ningunha proba documental que corrobore a existencia dunha denuncia relativa á posta en escena do *Don Hamlet*. En todo caso, non nos parece fóra de lugar presumir que si existiu tal denuncia, e interposta por alguén que desexaba axustar contas con Cunqueiro. Distintos rastros levan a pensar no nome de Ramón González-Alegre, quen tiña motivacións abondas para perpetrar esa acción. É unha mágoa non dispor dun testemuño fidedigno que corrobore esta hipótese, mais confiamos en que novos datos saian á luz, máis cedo que tarde, como confirmación de que percorremos o camiño certo.

---

10 Debemos agradecer a Xosé Luís Franco Grande a información de que a Editorial Galaxia, a finais da década dos 50, rexeitou a publicación dun volume de teatro en galego de González-Alegre, unha decisión que inmediatamente espertou a súa ira. Desde entón, González-Alegre tivo que agardar nada menos que unha década para que vise a luz un libro coas súas pezas teatrais: *Farsa dos veciños*, *Un lóstrego na noite*, *Xohan Santín*, *Farsa de Xohana de Avignon* e *Auto do virapé* (González-Alegre 1968, 1993).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, X.: «*Manifestos*» en verso a favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante (1939-1962), A Coruña, Real Academia Galega, 1993.
- CAPARRÓS, L.: «Comida a Cunqueiro», *La Voz de Galicia*, 2-IX-1959.
- CASTROVIEJO, X. M.<sup>a</sup>: «*Hamlet* en Finisterre», *Faro de Vigo*, 21-III-1959.
- COLINA, F. X. de la: «Un alegre y florido señor González-Alegre», *Alba*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995, pp. 585-592.
- CUNQUEIRO, A.: *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, Vigo, Editorial Galaxia, 1958.
- CUNQUEIRO, A.: «Hamlet y un anónimo», *Faro de Vigo*, 1-VII-1958.
- CUNQUEIRO, A.: «La alegre antología», *La Voz de Galicia*, 10-V-1959.
- CUNQUEIRO, A.: «Autocrítica», *La Voz de Galicia*, 30-VIII-1959; *El Ideal Gallego*, 30-VIII-1959.
- CUNQUEIRO, A.: «Poesía social y sociológica», *La Noche*, 23-VIII-1960.
- CUNQUEIRO, A.: «Lo que son las guerras», *La Noche*, 3-IX-1960.
- CUNQUEIRO, A.: «Los nombres de las alas», *Faro de Vigo*, 12-XII-1961.
- CUNQUEIRO, A.: *Don Hamlet e tres pezas máis*, Vigo, Editorial Galaxia, 1974.
- DASILVA, X. M.: «Competencia bilingüe e autotraducción en Galicia —algúns apuntamentos», en *VIII Conferencia Internacional de linguas minoritarias / VIII Internacional conference on minority languages*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2002, pp. 441-452; reproducido en X. M. Dasilva, *O alleo é noso. Contribucións para a historia da tradución en Galicia*, Noia, Editorial Toxosoutos, 2008, pp. 379-393.
- DASILVA, X. M.: «Retraducir el texto traducido. El curioso caso de *Xente de aquí e de acolá*, de Álvaro Cunqueiro», en Ch. Lagarde e H. Tanqueiro (eds.), *L'Autotraduction aux frontières de la langue et de la culture*, Limoges, Éditions Lambert Lucas, 2013, pp. 251-260.
- DASILVA, X. M.: «*Disparan contra a fala nosa...* Álvaro Cunqueiro censurado polo franquismo», *Grial*, 192, 2011, pp. 32-41.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Escolma de poesía galega, IV. Os contemporáneos*, Vigo, Editorial Galaxia, 1955.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: «*Hamlet* en lengua gallega», *Faro de Vigo*, 25-II-1959.
- FOLE, A.: «Parlamento de las letras gallegas: Álvaro Cunqueiro», *El Progreso*, 13-IV-1961.
- FRANCO GRANDE, X. L.: *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Vigo, Editorial Galaxia, 2004.
- GONZÁLEZ-ALEGRE, R.: *Poesía gallega contemporánea (Ensayo sobre literatura gallega)*, Pontevedra, Gráficas Torres, 1954.
- GONZÁLEZ-ALEGRE, R.: «Cincuenta poetas gallegos en un solo libro. La *Escolma* de Fernández del Riego», *La Noche*, 24-XII-1955.
- GONZÁLEZ-ALEGRE, R.: *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid, Ediciones Rialp, 1959.
- GONZÁLEZ-ALEGRE, R.: «De la poesía sociológica al *Corazón en su sitio*», *La Noche*, 29-VIII-1960.
- GONZÁLEZ-ALEGRE R.: «Para un concepto de poesía sociológica. 1. Toda poesía es social», *La Noche*, 17-IX-1960.
- GONZÁLEZ-ALEGRE R.: «Para un concepto de poesía sociológica. 2. El poeta ante lo político», *La Noche*, 19-IX-1960.
- GONZÁLEZ-ALEGRE, R.: «*Ángeles de Compostela*», *Faro de Vigo*, 10-XII-1961.
- GONZÁLEZ-ALEGRE R.: «La *Escolma de poesía galega* de Francisco Fernández del Riego», *Alba*, 16, s. d.
- GONZÁLEZ-ALEGRE, R.: *Teatro gallego*, Vigo, Edic. A. B., 1968.

- GONZÁLEZ-ALEGRE R.: *Teatro galego*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993.
- GONZÁLEZ GARCÉS, M.: «Polémica sobre la *Escolma*. Poesía y Poesía Gallega. Respuesta a Gonzalo R. Mourullo», *La Noche*, 3-II-1956.
- LUJÁN, N.: «Prólogo», en Álvaro Cunqueiro, *Las crónicas del Sochantre*, Navarra, Biblioteca Básica Salvat, 1970, pp. 11-16.
- M. H.: «Don Hamlet, de Álvaro Cunqueiro, estrenado en el Colón», *El Ideal Gallego*, 1-IX-2011.
- MANUEL MARÍA: «Lembranza de *Alba*», *Alba*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995, pp. 17-32.
- MELERO, R.: «Los cuatro mitos de la poesía gallega», *La Noche*, 31-V-1956.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: «Los escritores gallegos. *Cada coenllo ao seu tobo*», *La Noche*, 14-VI-1956.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: «Lorca galeguiza», *Faro de Vigo*, 20-VIII-2011.
- O. F. M.: «Queda medio centenar de poetas fuera de la *Escolma*», *La Noche*, 9-II-1956.
- POZO TEJEDOR, C. del: «Polémica sobre la *Escolma*. El idioma y el lenguaje», *La Noche*, 18-I-1956.
- RABANAL, M.: «*Don Hamlet*, o un mito universal que habla en gallego», *La Noche*, 24-III-1959.
- RODRÍGUEZ MOURULLO, G.: «Polémica sobre la *Escolma*. El idioma en poesía es fundamental. Respuesta a Miguel González Garcés», *La Noche*, 12-I-1956.
- SANTAMARÍA, L.: «Notas para una crítica de *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro. (I) Recreación del mito», *La Noche*, 19-III-1959.
- SANTAMARÍA, L.: «Luis Santamaría, «Notas para una crítica de *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro. (y II) Los personajes», *La Noche*, 21-III-1959.
- VICENCIO: «5 minutos de charla. Álvaro Cunqueiro», *La Voz de Galicia*, 29-VIII-1959.